



NOTA INFORMATIVA

TRANSPORTE ADAPTADO.

O Servizo Galego de Apoio á Mobilidade Persoal pon a disposición das persoas con mobilidade reducida unha rede de transporte adaptado. Trátase dun servizo de carácter programado e non urxente que deberá solicitarse cunha antelación de 48 horas chamando ao **902 222 065.**

■ PERSOAS DESTINATARIAS:

Residentes en Galicia, cunha **situación de dependencia** recoñecida, en calquera dos seus graos, **ou discapacidade, a partir do 65 % e acreditada a súa imposibilidade de utilizar transporte colectivo.**

■ DESPRAZAMENTOS QUE CUBRE O SERVIZO:

- I. **ACUDIR A CONSULTAS OU TRATAMENTOS DO SISTEMA SANITARIO** cando o desprazamento non sexa competencia do devandito sistema.
- II. **TRASLADOS A/OU DENDE AS RESIDENCIAS, CENTROS DE DÍA OU A OUTROS CENTROS SOCIAIS.**
- III. **TRASLADOS PARA REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES BÁSICAS** da vida diaria que favorezan a autonomía e o desenvolvemento persoal, **TALES COMO:**
 - a. Asistencia a Xulgados, notaría, xestións de carácter legal ou administrativo.
 - b. Actividades relacionadas co coidado persoal, terapéutico e rehabilitador.
 - c. Adquisición de bens e servizos necesarios para as actividades da vida diaria.
 - d. Realización de actividades de carácter formativo e educativo.

■ INFORMACIÓN E SOLICITUDES: Nos Servizos Sociais do concello.

■ SISTEMA DE PAGAMENTO:

As persoas coas rendas máis baixas terán acceso gratuíto. No resto dos casos, calcularase a participación no pago en función do número de km percorridos tendo en conta a renda das persoas usuarias, que disporán dunha tarxeta moedeiro da cal se descontará o custo do servizo demandado no momento de acceder ao vehículo.

Campo Lameiro, 27 de febreiro de 2009
O alcalde

D. Julio G. Sayáns Bugallo